

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se regulan as condicións xerais exixibles para o exercicio da actividade das entidades e dos laboratorios de ensaios para o control da calidade da edificación, e a súa inscrición no rexistro correspondente.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se establece o procedemento para a autorización de parques eólicos experimentais con alto compoñente en I+D+i na Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a incorporación da Xunta de Galicia á Fundación Centro Nacional de Referencia de Aplicación de las Tecnologías de la Información y la Comunicación basadas en fuentes abiertas (CENATIC).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ares, para a execución da obra: "Dotación de depósitos e colectores xerais de abastecemento para a parroquia de Cervás. Concello de Ares

---

(A Coruña)", clave OH.215.915, por importe de seiscentos cincuenta e seis mil oitocentos sete euros con cincuenta e tres céntimos (656.807,53 €).

- Proxecto de acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía máxima de trescentos sesenta e catro millóns seiscentos sesenta mil trescentos dezaseis euros correntes (364.660.316,00 euros) – 251.812.000,00 euros constantes- superior a 4.000.000,00 euros, ao abeiro do disposto no artigo 43 da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, correspondente ao expediente de contratación de concesión de obra pública para a construción e explotación da autovía do Morrazo e da rede autonómica de estradas da península do Morrazo.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a creación das categorías de técnico de prevención de riscos laborais e enfermaría do traballo no Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se aproba a creación da plataforma loxística do Servizo Galego de Saúde.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo e Benestar a establecer anticipos en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (Importe: seiscentos dezaseis mil novecentos trinta e cinco mil euros.- 616.935,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 5ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos para a reserva e ocupación de prazas para persoas maiores (PN 32/05), por un importe de dous millóns trescentos corenta e sete mil catrocentos corenta e un euros con quince céntimos (2.347.441,15 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 5ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos para a reserva e ocupación de prazas para persoas maiores (PN 33/05) por un importe de un millón novecentos nove mil trinta e nove euros con dez céntimos (1.909.039,10 €).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 5ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos para a reserva e ocupación de prazas para persoas maiores (PN 46/05) por un importe de dous millóns oitocentos setenta e dous mil catrocentos setenta e sete euros con corenta e catro céntimos (2.872.477,44 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre as actividades da Unidade de Policía Adscrita en materia de furtivismo, no ano 2010 e a previsión para o 2011.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o gasto farmacéutico.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre o Plan anual de inspección de turismo 2011 e balance da actividade inspectora 2010.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da Resolución do 11 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos traballadores e traballadoras desempregadas que serán contratadas a través dos programas de cooperación para o ano 2011, como medida para combater o desemprego de longa duración e xuvenil.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a situación actual das autorizacións experimentais na zona marítima

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL DE INCENDIOS DE PONTEVEDRA

- *O consorcio iniciará o seu funcionamento cos parques comarcais do Salnés, do Morrazo e do Baixo Miño-Condado-Louriña*
- *Entre os seus fins atópanse a colaboración coas agrupacións de protección civil, prevención e extinción de incendios e de calquera tipo de sinistro ou situación de risco; formación e información en materia de seguridade*
- *Durante este ano estarán en marcha en Galicia catro consorcios provinciais, xa que ademais da entrada en funcionamento de Pontevedra, comezarán tamén a funcionar os de Lugo e Ourense, que se suman ao da Coruña*

O Consello da Xunta na súa xuntanza semanal de hoxe deu o visto e praxe ao decreto polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, mediante un acordo entre a Xunta e a Deputación de Pontevedra.

No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor deste decreto os Consorcios Comarcais do Salnés, do Morrazo e do Baixo Miño-Condado-Louriña deberán desenvolver mediante sesión plenaria a súa disolución e integración no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, achegando os medios técnicos e recursos que teñan. Por outra banda, os bens, dereitos e obrigas contractuais que teñan asumidas con anterioridade, logo da súa integración, quedarán asumidos polo consorcio provincial.

Entre os fins do consorcio estará a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens, prevención e extinción de incendios, prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten persoas, edificacións e instalacións, así como o fomento da autoprotección.

A Xunta e a Deputación Provincial de Pontevedra consideran que a forma máis eficaz e eficiente de xestionar os distintos parques comarcais é a través dun único consorcio que centralice e coordine as actuacións dos distintos parques que formarán parte del, permitindo un aforro nos recursos que se utilicen na prestación dos servizos que se van executar, polo que a figura do consorcio é a forma idónea para a posta en marcha dos distintos parques comarcais contra incendios e de salvamento da provincia de Pontevedra, no que se poderán integrar os xa existentes e aqueles outros que se constitúan e equipen ao abeiro dos estatutos que rexerán este consorcio.

---

O consorcio terá a súa sede na Deputación Provincial de Pontevedra, e o seu ámbito de actuación abranguerá toda a provincia, agás os concellos nos que se preste o servizo de extinción de incendios e salvamento con persoal propio e teñan propio parque de bombeiros, que poderán incorporarse ao consorcio provincial mediante os oportunos convenios de colaboración.

As achegas dos entes consorciados para sufragar os gastos ordinarios de funcionamento do Consorcio efectuaranse a partes iguais entre a Xunta de Galicia e a Deputación Pontevedra, colaborando cada unha delas no 50% do total do orzamento.

Ademais, durante o presente ano estarán en marcha en Galicia os catro consorcios provinciais contra incendios e de salvamento, xa que ademais da entrada en funcionamento do de Pontevedra, comezarán tamén a funcionar os de Lugo e Ourense, que se suman ao de Coruña, que existe desde 2002.

As previsións que manexa a consellería é que ademais da posta en marcha deste novo consorcio, antes de que remate o ano o faga o de Ourense, mentres que o de Lugo xa está en marcha. Deste xeito, a nosa comunidade contará neste ano 2011 cun total de 31 parques profesionais de bombeiros en funcionamento e prestando servizo ós cidadáns de Galicia.

---

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE A NORMATIVA GALEGA DE ENTIDADES E LABORATORIOS DE CONTROL DE CALIDADE SE ADAPTA Á DIRECTIVA EUROPEA DE SERVIZOS

- ***Unha “declaración responsable” substituirá a obriga de acreditación das entidades e laboratorios de control.***
- ***Esta declaración habilitará as empresas para ofrecer os seus servizos en todo o territorio español.***
- ***O IGVS será o organismo encargado de recibir as declaracións responsables das empresas con domicilio social nesta comunidade autónoma e do seu control.***
- ***As empresas inscribíranse no Rexistro de laboratorios e entidades de control da calidade da edificación con sede na Comunidade Autónoma de Galicia***

As entidades e laboratorios de control de calidade na edificación con domicilio social en Galicia e que desexen exercer a súa actividade deberán cumprir as condicións que regula o decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia polo que se regulan as condicións xerais exixibles para o inicio da actividade das entidades e dos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación e a súa inscrición no rexistro correspondente.

O presente decreto, que substituirá os que regulaban os laboratorios e as entidades de control de calidade, é froito da adaptación da normativa galega e estatal ás disposicións europeas en materia de servizos no mercado interior da Unión Europea.

Co novo Decreto substituirase a obriga de acreditación das entidades e laboratorios de control de calidade na edificación pola declaración responsable destes.

Ata o de agora as entidades e laboratorios de control de calidade estaban obrigadas a acreditarse en cada comunidade autónoma na que desexasen prestar os seus servizos, mentres que a normativa europea obriga a establecer un sistema que permita as ditas entidades e laboratorios ofrecer os seus servizos en calquera lugar de España.

Ao mesmo tempo, a directiva comunitaria (Directiva 2006/123/CEE) obriga a substituír a acreditación pola declaración responsable.

Esto supón que as entidades e laboratorios de control non terán que acreditar que cumpren os requisitos antes da súa inscrición no rexistro, senón que a administración controlará ese cumprimento despois da presentación da declaración responsable, que habilita as empresas para prestar os seus servizos non só en Galicia senón en calquera outro lugar de España.

---

O organismo competente en Galicia para a recepción da declaración responsable e o seu control será o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta establece cales serán os requisitos esixidos aos laboratorios de ensaio e ás entidades de control de calidade que teñan domicilio social na nosa comunidade autónoma, así como os mecanismos para a inscrición no Rexistro de laboratorios e entidades de control da calidade da edificación con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

---

## GALICIA SERÁ PIONEIRA EN REGULAR AS INSTALACIÓNS EÓLICAS EXPERIMENTAIS CON ALTO COMPOÑENTE EN I+D+I

- ***A finalidade do decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta é fomentar as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación en tecnoloxía eólica, garantindo o carácter experimental das instalacións autorizadas e dotándoas da axilidade administrativa e flexibilidade que demanda a súa actividade***
- ***A norma tamén define os parques eólicos experimentais establecendo que estes son os destinados á realización de probas, ensaios, medicións e experimentacións de prototipos eólicos ou preseries eólicas, que deberán ter unha moi reducida ou ningunha implantación***
- ***O decreto favorecerá a creación e potenciación de departamentos de investigación, xunto coa creación do emprego asociado a estes, ao tempo que garante a evolución dunha industria estratéxica galega baseada na explotación de fontes enerxéticas renovables***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto elaborado pola Consellería de Economía e Industria polo que se regula o procedemento administrativo para a autorización de parques eólicos experimentais con alto compoñente en I+D+i, ao tempo que tamén define o concepto de parque eólico experimental, de acordo co mandato establecido na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

A Comunidade Autónoma de Galicia, que será pioneira na posta en marcha deste decreto a nivel estatal, é un referente na implantación de instalacións de enerxías renovables e máis concretamente nas instalacións eólicas, un sector no que resulta significativa a evolución da tecnoloxía no eido do desenvolvemento da I+D+i, unha tendencia que cómpre impulsar desde as administracións.

A finalidade deste decreto, que incorpora as recomendacións feitas polo Consello Consultivo, é fomentar as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación en tecnoloxía eólica, garantindo o carácter experimental das instalacións autorizadas e dotándoas da axilidade administrativa e flexibilidade que demanda a súa actividade.

Este labor, impulsado polo Goberno galego que avanza no desenvolvemento do sector eólico en Galicia para situar a nosa Comunidade Autónoma de novo á vangarda, favorecerá a creación e potenciación de departamentos de investigación, xunto coa creación do emprego asociado a estes, ao tempo que garante a evolución dunha industria estratéxica galega baseada na explotación de fontes enerxéticas renovables.



---

O decreto, elaborado desde a Consellería de Economía e Industria, regula o procedemento para a autorización daqueles parques eólicos experimentais que leven asociado un alto compoñente en I+D+i, e define os parques eólicos experimentais establecendo que estes son os destinados á realización de probas, ensaios, medicións e experimentacións de prototipos eólicos ou preseries eólicas, que deberán ter unha moi reducida ou ningunha implantación.

A norma, que exclúe a súa implantación da Rede Natura e da súa futura ampliación, circunscribe a súa localización ás áreas incluídas no Plan Sectorial Eólico de Galicia, excepto naqueles casos en que se experimente con prototipos ou preseries de ata 100 kW conectados á rede de baixa tensión nos que poderán instalarse en terreos que sexan compatibles co uso para produción de enerxía eléctrica segundo o establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e as súas modificacións.

Ademais, establécese que nestes parques de experimentación soamente poderá instalarse un prototipo ou preserie eólica de cada modelo, de xeito que nestes parques os prototipos ou preseries que se estean a probar terán que ser todos diferentes; tendo en conta que un prototipo é unha turbina eólica ou sistema híbrido que leva asociadas novidades significativas con respecto aos modelos elaborados polo seu fabricante, mentres que unha preserie é unha unidade experimental dun prototipo que incorpora as modificacións froito dos resultados dos ensaios iniciais, como etapa previa á súa produción en serie, sempre estas dean continuidade a un proceso de I+D+i.

Neste sentido, a norma permite que un mesmo prototipo ou preserie poida ser experimentado en parques experimentais con condicións xeográficas diferentes, coa finalidade de probalos e avalialos, tendo en conta a resposta que ofrecen en distintas situacións.

Así mesmo, cómpre ter en conta que esta orde está especialmente orientada ás instalacións constituídas por tecnólogos ou fabricantes; así como tamén poderán presentar solicitudes os fabricantes de aeroxeradores ou compoñentes eólicos interesados en probar, ensaiar e validar prototipos e preseries novidosas, suxeitas a proxectos de I+D+i.

---

## GALICIA INCORPÓRASE AO CENTRO NACIONAL DE REFERENCIA DE FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE

- *A Comunidade autónoma intégrase na entidade na que se toman as decisións estratéxicas para o fomento do código de fontes abertas a nivel estatal*
- *O CENATIC ten entre os seus obxectivos principais promover o coñecemento e difusión do software libre na Administración e nos diferentes sectores produtivos*
- *A Xunta traballará este ano na creación dun selo de calidade para o software libre galego*

O Consello aprobou hoxe a incorporación da Xunta de Galicia ao Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) CENATIC, que ten como obxectivo xeral “promover o coñecemento e difusión do software baseado en fontes abertas na Administración e nos diferentes sectores de actividade”.

Coa entrada da Xunta no padroado de CENATIC, o Goberno galego consegue que Galicia teña voz e voto na entidade que toma as decisións estratéxicas para o fomento do software libre a nivel estatal. A incorporación ao CENATIC permitirá traballar na creación no presente ano dun selo de calidade para o software libre galego, xa que a Xunta se adherirá ao selo nacional que se está a promover desde o CENATIC para despois adaptalo á realidade do tecido TIC galego. Este selo permitirá ás empresas galegas a posibilidade de obter un recoñecemento, en forma de certificación, a nivel estatal.

### **Impulso ao software libre**

Deste xeito, a Administración autonómica continúa avanzando nas medidas previstas para fomentar o uso do software libre en todos os ámbitos da sociedade como se recolle no Plan de Acción 2010 en materia de software libre e de fontes abertas (FLOSS), un plan que ten continuidade no presente ano.

Entre as vantaxes para a Comunidade Autónoma de Galicia de pertencer ao padroado cómpre sinalar o impulso ao sector empresarial TIC autonómico, ao posibilitar a difusión nacional e internacional das propostas e ofertas das empresas galegas e a participación en actividades de procura de sinerxías e socios con empresas doutras autonomías. Ademais, a entidade facilita asesoramento sobre aspectos xurídicos, tecnolóxicos e metodolóxicos á Administración pública tanto para a liberación do software e coñecemento como para participar en programas de compartición e reutilización de código liberado por outras comunidades. Coa incorporación ao seu padroado a comunidade autónoma participará directamente na elaboración da

---

estratexia do CENATIC, tomando parte na aprobación do plan de actuación e no orzamento da fundación.

A integración no Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) ten establecida unha cota anual de 65.000 euros.

### **Orixe**

O CENATIC naceu como entidade o 20 de novembro de 2006 para dar resposta a un dos obxectivos do Plan AVANZA, a promoción do software baseado en fontes abertas como ferramenta clave para gañar competitividade nas empresas, e fomentar a compartición e reutilización de solucións tecnolóxicas de fontes abertas entre as administracións públicas. O padroado é o máximo órgano de goberno e representación da Fundación e correspóndelle aprobar as liñas estratéxicas, e priorizar as oportunidades e os ámbitos de actuación para o ano en curso.

O padroado de CENTIC ten un modelo mixto formado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da entidade Red.es, así como polos gobernos de Extremadura, Andalucía, Asturias, Aragón, Cantabria, Cataluña, País Vasco e Baleares, a entidade pública empresarial Gpex e as empresas Atos Origin e Telefónica.

As liñas estratéxicas da fundación son apoiar e promover o uso de software libre nas administracións públicas, fortalecer o sector nacional das tecnoloxías da información baseadas en fontes abertas e difundir o seu uso nas pemes, na educación e na cidadanía en xeral.

---

## MEDIO AMBIENTE ACHEGA 656.000 EUROS PARA A DOTACIÓN DE COLECTORES XERAIS DE ABASTECIMENTO A CERVÁS, CHANTEIRO E CARBALLO, EN ARES

- *A poboación abastecida alcanza os 720 habitantes, pero tendo en conta as puntas estacionais, as instalacións teñen capacidade para servir a máis de 2.200 habitantes*
- *O proxecto prevé a instalación dunha rede de distribución, a posta en servizo dunha estación de bombeo e a construción dun depósito regulador de 500 metros cúbicos*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración neste tipo de obras, pretende resolver carencias en infraestruturas de concellos con escasa capacidade financeira*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Ares para a dotación de colectores xerais de abastecemento á parroquia de Cervás.

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, realiza un investimento económico de máis de 656.000 euros distribuídos nos exercicios de 2011 e 2012.

O proxecto de colaboración ten como obxecto fundamental proporcionar un servizo de abastecemento de auga aos núcleos de Cervás, Chanteiro e Carballo, no Concello de Ares.

As actuacións prevén a instalación dunha rede de distribución que conecta a rede actual de Ares co bombeo proxectado. En canto á rede desde o depósito, consta dunha tubaxe principal complementada cun ramal que abastecerá o núcleo de Carballo.

Os traballos centraranse na posta en servizo dunha estación de bombeo e impulsión que aloxará dúas bombas capaces de elevar 17,5 l/s a 194,4 mediante un sistema de autoxestión electrónica.

O proxecto hidráulico inclúe a construción dun depósito regulador de 500 metros cúbicos. A infraestrutura realizarase en formigón armado, con planta cadrada de 14,8 metros de lado e altura de 2,8 metros. Contará cun mecanismo de rechloración, necesario polo elevado tempo de permanencia da auga no depósito nos primeiros meses de funcionamento, debido ao escaso número de vivendas conectadas nese período.

---

En virtude deste acordo, Medio Ambiente tamén executará a reposición de servizos e pavimentos afectados polos traballos deste proxecto.

A poboación abastecida alcanza os 720 habitantes, pero tendo en conta as puntas estacionais, as instalacións teñen capacidade para servir a máis de 2.200 habitantes.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración neste tipo de obras, pretende resolver carencias en infraestruturas de concellos con escasa capacidade financeira. Deste xeito, foméntase o desenvolvemento económico e social dos municipios galegos, mellorando a calidade de vida dos seus habitantes.

---

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN GASTO DE 364,6 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA AUTOVÍA DO MORRAZO E A CONSERVACIÓN DA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DA COMARCA

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas licitará as obras antes de que o primeiro trimestre do ano*
- *A actuación beneficia de xeito directo a un total de 170.616 habitantes dos concellos de Bueu, Cangas, Moaña, Marín, Vilaboa e Pontevedra*
- *A actuación significará unha mellora nas comunicacións da península do Morrazo con Vigo e co resto da comunidade, solucionando os problemas de capacidade viaria actual*
- *As actuacións correspondentes á explotación da rede autonómica de estradas no Morrazo están destinadas a manter unha circulación segura e fluída así como a preservar o patrimonio viario da península*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe un gasto de 364.660.316 euros para a construción e a explotación da autovía do Morrazo por un período de 25 anos, no marco dun contrato de concesión de obra pública que tamén prevé a conservación da rede autonómica de estradas desa comarca pontevedresa.

A autorización do gasto constitúe un requisito fundamental para proceder á licitación da construción e explotación da citada autovía. A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, prevé que esta actuación se licite no primeiro trimestre do ano.

A concesión abarca a execución do desdoblamento do Corredor do Morrazo, incluído dentro da planificación vixente da Xunta en materia de estradas e a súa conservación e explotación. Inclúense ademais na concesión todos aqueles labores destinados a manter un nivel óptimo de conservación e explotación da rede de estradas autonómica no Morrazo. Así, optimízase a eficiencia da conservación e mantemento destas estradas da comarca.

A obra consistirá no desdoblamento do actual corredor que discorre entre Rande (AP-9) e o Alto da Portela (PO-551), desenvolvéndose polos municipios de Moaña e Cangas.

A actuación prevista significará unha importante mellora nas comunicacións da península do Morrazo con Vigo e o resto da comunidade, solucionando os problemas de capacidade viaria actual e futura da zona e mellorando a seguridade viaria.

Cómpre sinalar que as principais poboacións situadas preto do trazado terán conexión directa en todo o seu percorrido mediante autovía con Vigo e coa capital da provincia.

### Características técnicas

A lonxitude desta infraestrutura viaria é de 14,50 km. A sección tipo conta con dúas calzadas formadas cada unha delas por dous carrís de 3,50 metros, beiravía exterior de 2,50 metros, beiravía interior de 1,50 metros, bermas de 0,75 metros na calzada dereita e 0,45 metros na esquerda e unha mediana central de 3 metros.

En relación ás características do trazado, a pendente máxima é de 6,35% e o raio mínimo, 400 metros. A autovía do Morrazo constará de 7 enlaces que facilitarán a mobilidade dos seus usuarios:

- **Rande:** conexión coa autoestrada AP-9 e as estradas Marín- Rande (PO-551) e Rande- Vilaboa (N-554)
- **Domaio:** enlaza cunha estrada local que dá acceso ao núcleo de Domaio
- **Área de Servizo:** conexión coa futura área de servizo, así como coa área de explotación
- **A Fraga:** une coa estrada da deputación provincial PO-1102
- **Moaña:** enlaza coa estrada Marín- Moaña (PO-313)
- **Cangas:** serve de conexión coa estrada Moaña- Cangas (VG-4.5)
- **Enlace de Cangas- Bueu (PO-551):** é un semienlace con glorieta inferior. Neste enlace remata a autovía, conectando directamente coa estrada Cangas- Mendiña (VG-4.6)

No que se refire a estruturas, cabe destacar 6 viadutos (Enlace de Rande, Moura, A Mó, Fraga, Cangas e Bouzós), 2 túneles (Montealegre e Coiro) e 2 novos pasos superiores.



A expropiación efectuada para a execución do corredor xa incluíu os terreos precisos para proceder ao desdoblamento da calzada e a conversión en autovía. Deste xeito, soamente será necesario expropiar terreos debido a axustes na xeometría do trazado.

---

Este proxecto beneficia a un total de 170.616 habitantes directamente beneficiados dos concellos de Moaña, Bueu, Cangas, Marín, Vilaboa (O Toural) e Pontevedra. Esta cifra significa un 17,7% dos habitantes da provincia de Pontevedra e un 6,10% da comunidade galega.

### **Conservación de estradas**

Por outra parte, este proxecto tamén prevé a execución de melloras e traballos de conservación nas seguintes estradas autonómicas na península do Morrazo: Marín-Moaña (PO-313), Bueu- Cangas (PO-315), Pontevedra- Marín (PO-546), Marín- Rande (PO-551), Moaña- Cangas (VG-4.5), Alto da Portela- Mendiña (VG-4.6), Variante de Marín- Ardán.

As actuacións previstas correspondentes á explotación da rede autonómica de estradas no Morrazo son aquelas destinadas a manter unha circulación segura, cómoda e fluída, así como a preservar o patrimonio viario.

As actividades a realizar agrúpanse en conservación e mantemento e xestión. Dentro das tarefas do primeiro grupo, inclúense as limpeza de desprendementos, noiros ou vexetación; reposición de firmes; desenvolvementos de operacións en caso de urxencias; ou traballos de viabilidade invernal. No segundo grupo, están as actividades encamiñadas a velar polo cumprimento da legalidade e normativa vixente e a potenciar a información ao usuario, atención a accidentes e vixilancia de vías.

Para o desenvolvemento destas tarefas o concesionario disporá dun centro de control de xeito que se garanta unha prestación de servizo óptima.



---

## O SERGAS CREARÁ AS CATEGORÍAS DE TÉCNICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E DE ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA EN ENFERMARÍA DO TRABALLO

- *O proxectos de decreto serán presentados, unha vez rematada a tramitación correspondente, ao Consello da Xunta para a súa aprobación*

O Consello acordou esta mañá autorizar a elaboración de dous decretos para a creación das categorías de técnico en prevención de riscos laborais e de persoal de enfermaría do traballo no Servizo Galego de Saúde.

Estes textos foron previamente negociados na Mesa Sectorial, e os proxectos de decreto serán presentados, unha vez rematada a tramitación correspondente, ao Consello da Xunta para a súa aprobación

No primeiro deles crearanse dúas categorías de técnicos en prevención de riscos laborais: persoal técnico superior (subgrupo A1) e persoal técnico de grao medio (subgrupo A2). Para acceder a estas categorías requirirase formación nas tres disciplinas previstas na normativa de prevención de riscos laborais: seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía e psicocioloxía aplicada. Desta forma, contarase con persoal especialmente cualificado para impulsar a prevención de riscos laborais no Servizo Galego de saúde.

Esta decisión de crear dúas categorías de técnicos -e de requirir formación nas tres disciplinas- conta xa cun antecedente moi relevante na administración da Comunidade Autónoma; en concreto, a Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

No segundo decreto crearase, dentro do colectivo de persoal con título de especialista en ciencias da saúde, a categoría de persoal enfermeiro especialista do traballo (subgrupo A2).

Neste caso maniféstase novamente a decisión de impulsar as políticas de prevención de riscos coa incorporación de persoal especialmente cualificado. Ademais, con esta medida avánzase no recoñecemento, dentro das institucións sanitarias, das novas especialidades en ciencias da saúde.

A creación destas categorías permitirá iniciar o proceso de incorporación de persoal técnico e enfermeiro especialista, con vínculo de fixeza, no servizo e nas unidades de prevención de riscos do Servizo Galego de Saúde, tras un longo período no que unicamente se incorporou persoal temporal. Desta forma, e a través da convocatoria

dun futuro proceso selectivo, este persoal terá por primeira vez a posibilidade de acceder á condición de fixo.

---

## A CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA LOXÍSTICA PERMITIRÁ AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE UN AFORRO DE ARREDOR DE 20 MILLÓNS DE EUROS AO ANO

- *Incluirá os procesos de almacenaxe, preparación de pedidos e subministración a punto final de consumo de material funxible sanitario e non sanitario.*
- *Este é o primeiro paso para chegar ao obxectivo final de lograr unha xestión de compras máis profesionalizada e eficiente*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a un acordo polo que se aproba o Plan para a creación dunha plataforma loxística do Servizo Galego de Saúde, un proxecto fundamental e necesario para poder acometer a redución dos custos de funcionamento do Sergas e poder así liberar recursos para facer fronte a un futuro economicamente complicado. Así, este é o primeiro paso para chegar ao obxectivo final de lograr unha xestión de compras máis profesionalizada e eficiente.

Esta plataforma loxística centralizada incluirá os procesos de almacenaxe, preparación de pedidos e subministración a punto final de consumo de material funxible sanitario e non sanitario.

Suporá, entre outros, a xestión da operativa, a construción da plataforma e a adecuación dos almacéns dos centros sanitarios; e abranguerá a xestión de diferentes tipos de materiais como farmacia, material cirúrxico, laboratorio, implantes e próteses, osteosíntese, ortopedia, lenzaría e outros materiais como o de limpeza, oficina, etc.

A súa creación permitirá acadar un aforro potencial de preto de 200 millóns de euros en dez anos, relacionados con aspectos como a diminución de superficie de almacéns, as provisións de existencias e a redución de prezos. A estes datos sumaranse, ademais, outros aforros, como os derivados de non ter almacéns nos diferentes centros ou das compras centralizadas.

### **Xestión dos recursos rigorosa e eficiente**

Un dos principais obxectivos da Estratexia Sergas 2014 é xestionar os recursos de forma rigorosa e eficiente, promovendo a austeridade na xestión dos servizos e na definición de estruturas organizativas e aplicando o máximo rigor na toma de decisións. Búscase a eficiencia en todas as áreas de actividade, incluíndo aquelas de soporte, como é a xestión da cadea de subministración, desde as compras ata a chegada do produto ao destinatario final.

---

Para isto, estanse a realizar actuacións como a plataforma loxística centralizada, encamiñadas a conseguir unha redución dos custos por volume de compra, unha mellora na xestión loxística, unha racionalización do catálogo de referencias, unha maior transparencia e competitividade entre provedores, unha redución do número de expedientes de contratación e unha diminución do stock de produtos almacenados (xa que cun incremento da rotación axústanse as cantidades subministradas nos diferentes puntos de distribución finais ás necesidades reais de cada centro).

A actividade loxística no eido sanitario está caracterizada pola variabilidade no conxunto dos elementos a distribuír e pola crecente importancia económica dos stocks nos diferentes centros sanitarios. O Sergas ten actualmente 14 hospitais e 7 xerencias de Atención Primaria, en cada un dos cales existe un servizo loxístico que garante a subministración de mercadorías.

Este pode ter unha maior ou menor amplitude dependendo das fases do ciclo loxístico que abrangue, é dicir, pode abarcar desde a mera custodia da mercadorías nun almacén ata o servizo de distribución a un punto final de consumo.

Polo tanto, a actividade loxística realízase dun xeito heteroxéneo dentro do Sergas, cunha grande diversidade nos diferentes servizos loxísticos de cada un dos centros asistenciais, o que provoca que non se poidan acadar obxectivos de calidade e de eficiencia económica desexados.

### **Solución integrada e conxunta**

Así mesmo, desde a Xunta enténdese que a conxuntura actual pode ter unha serie de características que favorecen a busca de solucións, como a redución de custos fixos nas estruturas hospitalarias, o destino de recursos a labores asistenciais, a recuperación de recursos de bolsas de ineficiencia nos servizos xerais, a extensión de servizos profesionais á Atención Primaria e a necesidade e oportunidade de integrar servizos ante un cambio de estrutura nas áreas sanitarias.

Este escenario é o que presenta a necesidade de acometer unha solución integrada e conxunta para a totalidade do Servizo Galego de Saúde, polo que, a través de iniciativas como a creación da plataforma loxística, este realizará un cambio na xestión dos servizos loxísticos para unificar e profesionalizar o servizo loxístico (así como acadar un control da calidade), evitar custos fixos do servizo e conseguir un aforro económico.

---

## TRABALLO INVESTIRÁ PRETO DE 617.000 EUROS NO FOMENTO DAS ASOCIACIÓNS DE COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde de axudas que subvenciona os gastos de funcionamento destes asociacións*
- *Por primeira vez este ano, incorpórase a modalidade de actividades en rede, de xeito que poderán recibir subvención as actividades de difusión do cooperativismo da Rede de centros de desenvolvemento cooperativo de Galicia*

O Goberno galego investirá preto de 617.000 euros no fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais. Este é o investimento co que contará este ano a orde de axudas que subvenciona os gastos de funcionamento, así como as actividades de promoción do cooperativismo, destas asociacións.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo que autoriza que os destinatarios destas axudas poidan solicitar, en concepto de anticipo, ata un 80 por cento do total da contía da subvención.

Ademais, este ano incorpórase unha novidade a esta liña de axudas. Por primeira vez, inclúese a modalidade de fomento do emprendemento en rede. Isto é, poderán recibir subvención as actividades de carácter informativo, formativo ou de asesoramento en materia de economía social que se realicen ao abeiro da Rede de centros de desenvolvemento cooperativo. Esta rede está conformada por asociacións, fundacións e outras entidades con competencia en economía social, e o obxectivo desta modificación é reforzar a participación e integración das asociacións nesta rede.

En resumo, poderán ser beneficiarios desta orde que convoca a Consellería de Traballo e Benestar as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais con actividade acreditada e debidamente inscritas nos rexistros competentes da Administración autonómica. Prévese que esta orde poida beneficiar a 8 asociacións de cooperativas e sociedades laborais.

Esta liña de axudas intégrase dentro das accións que a Consellería de Traballo e Benestar está a levar a cabo para impulsar o modelo cooperativo. Así, entre 2011 e 2012, o departamento autonómico investirá máis de 3,3 millóns de euros en distintas actuacións de promoción e fomento do cooperativismo, co fin de conseguir un axeitado desenvolvemento de Galicia en materia de economía social, tanto no fomento do emprego como na mellora da competitividade destas empresas. As previsións son beneficiar a 250 cooperativas e preto de 60 concellos.

---

Ademais, o departamento autonómico ten posto en marcha tamén a campaña divulgativa “Cooperativízate” dirixida á mocidade, e que conta cunha escola cooperativa móbil.

A Xunta financia tamén a formación de xestores e titores especializados en proxectos cooperativos, unha liña de actuación na que investiu 80.000 euros.

---

## **BENESTAR INVESTIRÁ MÁIS DE 7,1 MILLÓNS DE EUROS NO MANTEMENTO DE 331 PRAZAS PARA PERSOAS MAIORES NAS PROVINCIAS DE OURENSE E PONTEVEDRA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga de tres expedientes para posibilitar o funcionamento de catro residencias para persoas con dependencia e autónomas*
- *A Xunta investirá entre 2011 e 2012 máis de 4,2 millóns de euros no financiamento de 216 prazas na provincia ourensá*
- *Na localidade pontevedresa de Vilanova de Arousa dedicaranse máis de 2,8 millóns de euros no mantemento de 115 prazas*
- *O Goberno galego incrementou as prazas residencias para dependentes e autónomos nun 19,1 por cento desde abril de 2009*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá entre 2011 e 2012 máis de 7,1 millóns de euros para o mantemento de 331 prazas para persoas maiores nas provincias de Ourense e de Pontevedra. O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga dun total de tres expedientes para posibilitar o mantemento destas prazas destinadas tanto a persoas con dependencia como autónomas.

Por unha banda, a Xunta destinará máis de 4,2 millóns de euros ao financiamento de 216 prazas na provincia ourensá, para dúas residencias situadas na cidade das Burgas e outra localizada no concello do Pereiro de Aguiar.

Na localidade pontevedresa de Vilanova de Arousa, por outro lado, o departamento autonómico reservará máis de 2,8 millóns de euros para o mantemento de 115 prazas.

Esta iniciativa englobase na aposta do Goberno galego pola atención e mellora da calidade de vida das persoas maiores. Así, a comunidade autónoma conta a data de xaneiro cun total de 6.648 prazas públicas dirixidas a maiores dependentes e autónomos, o que supón máis dun millar de prazas máis con respecto a abril de 2009, un 19,1 por cento máis.

Ademais, a Xunta está a executar o Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013, unha iniciativa que foi aprobada o ano pasado.

O documento definitivo foi consensuado entre o Goberno galego e as entidades representativas do sector e inclúe un total de 69 medidas que teñen como obxectivo principal mellorar a calidade de vida deste colectivo poboacional e achegar os servizos ao seu contorno.

---

O proxecto, que constitúe unha ferramenta de planificación e coordinación, devolve aos maiores un papel activo na sociedade, un punto que se reflicte xa na súa participación na elaboración do proxecto, de forma que pasan de ser destinatarios a definidores das súas propias políticas. Tamén se fomenta a súa participación social, promóvese a súa autonomía e búscase atrasar a dependencia.



---

## A POLICÍA AUTONÓMICA CONTRIBÚE Á MELLORA DOS RESULTADOS DE GARDACOSTAS NA LOITA CONTRA O FURTIVISMO

- *O ano pasado realizáronse 86 operativos conxuntos nos que se identificaron 1.250 persoas e se tramitaron 418 denuncias e 15 dilixencias policiais*
- *Ademais, os axentes incautáronse de case un milleiro de útiles empregados polos furtivos*

As consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do Mar salientaron hoxe os excelentes resultados que está a dar a colaboración prestada pola Unidade de Policía Adscrita a Galicia (UPA) ao Servizo de Gardacostas no traballo conxunto para a erradicación do furtivismo no litoral galego.

A consellería dirixida por Alfonso Rueda presentou ante Consello da Xunta un informe de balance sobre a actividade común que levan a cabo estes departamentos para a prevención e a loita contra o furtivismo, un problema que afecta tanto ao sector pesqueiro como os propios recursos mariños e o medio ambiente da comunidade.

Para incrementar a loita contra este problema e facela máis efectiva, a Xunta potenciou a intervención da Unidade de Policía Adscrita a Galicia -coñecida como Policía Autónoma- nos dispositivos de loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal, en colaboración cos servizos de vixilancia pesqueira, de tal xeito que xa se están a recoller os froitos de potenciar esta colaboración.

Así, os resultados do informe desvelan que, a través destes operativos especiais, se constata un reforzo en comisos e incautacións. Nestas 86 intervencións conxuntas os axentes autonómicos aprehendéronse dun total de 995 útiles entre os que cabe destacar 27 embarcacións ou vehículos, 114 traxes de neopreno ou 107 nasas, entre outros. Ademais identificáronse a 1.250 persoas, foron tramitadas 418 denuncias e abríronse dilixencias policiais (atestados) en 15 ocasións.

Os resultados dos 86 dispositivos conxuntos entre Policía Autónoma e servizos de vixilancia pesqueira véñense a sumar ao resto de operacións levadas a cabo por gardacostas, Seprona ou os gardapescas. Estes operativos téñense traducido nun incremento substancial do respecto que os furtivos manifestan aos axentes da Consellería do Mar grazas á presenza do persoal policial evitando que o labor de control dos gardacostas derive en problemas de orde pública.

Coa colaboración prestada polos axentes da UPA aos axentes de Gardacostas, recupérase o apoio que a Policía Autónoma deixara de levar a cabo desde 2005 en materia de furtivismo e marisqueo ilegal, pese ao seu notable éxito. Foi a mediados

---

de 2009 cando a Consellería do Mar amosou a súa preocupación polos constantes incidentes relacionados co marisqueo ilegal, especialmente pola repercusión negativa na seguridade dos traballadores do mar e do seu propio persoal encargado da regulación e control do marisqueo e da súa actividade extractiva.

Este interese da Consellería do Mar levou á de Presidencia a retomar e reforzar, como unha tarefa específica da Policía Autonómica, a loita contra o furtivismo en colaboración coa Subdirección Xeral de Gardacostas. Así, xa a comezos do ano 2010 integráronse parte dos seus axentes nun grupo policial, debidamente formado e preparado para tarefas de protección e intervención específica.

---

## O GASTO FARMACÉUTICO EXPERIMENTA EN GALICIA UN DESCENSO DE 6,5 MILLÓNS DE EUROS ENTRE DECEMBRO DE 2010 E XANEIRO DE 2011

- ***A factura farmacéutica de xaneiro sitúase en 71,5 millóns de euros, o que supón unha redución dun 11,4% na comparativa interanual***
- ***Galicia pasou dun incremento de entre o 6 e o 7% anual no gasto en farmacia a estabilizarse, aproximándose ao 0% en 2010, o mellor dato rexistrado dende que se transferiron as competencias sanitarias á Comunidade Autónoma***
- ***A entrada en vigor do Catálogo priorizado de medicamentos permitiu reducir o gasto por receita de 13,4 euros a 12,7 en só un mes***

A factura farmacéutica de Galicia experimentou, entre decembro de 2010 e xaneiro de 2011, un descenso de 6,5 millóns de euros. Polo tanto, o gasto farmacéutico situouse en 71,5 millóns de euros 9,2 millóns de euros menos que no mesmo mes do ano pasado, o que supón unha redución dun 11,4% na comparativa interanual.

Neste sentido, cómpre ter en conta que o Catálogo priorizado de medicamentos non entrou en vigor de forma xeneralizada ata o 17 de xaneiro, é dicir, que só se aplicou ao 100% durante a segunda quincena do mes. Así o explicou a conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, que presentou aos membros do Consello da Xunta un informe sobre o gasto farmacéutico.

Ademais, o pasado ano 2010 a factura farmacéutica reduciuse ata o 0,7%, aproximándose á estabilidade; aínda que nos últimos cinco anos, ata o 2009, mantivera un crecemento anual acumulado de entre o 6% e o 7%. Este é o mellor dato dos indicadores de contención do gasto farmacéutico en Galicia rexistrado dende que se transferiron as competencias en materia de sanidade á Comunidade Autónoma.

No que atinxe ao gasto por receita -outro dos indicadores utilizados de referencia no ámbito da contención do gasto farmacéutico-, en decembro de 2010, este era en Galicia de 13,4 euros, pero no momento de entrada en vigor do Catálogo permitiu reduci-lo a 12,7 euros.

Cómpre ter en conta que en Galicia se prescriben diariamente arredor de 250.000 receitas, polo que esta diminución do 5% en apenas un mes de aplicación do Catálogo aproxima a Comunidade á media española, que tradicionalmente, e dende hai anos, Galicia supera.

---

Así, grazas a este descenso -e utilizando como referencia os datos de decembro de 2010, os últimos publicados-, Galicia deixou de ser a comunidade autónoma co gasto por receita máis alto de España, subindo cinco postos e deixando, desta maneira, o vagón de cola.

### **Dobre exercicio de eficiencia do Catálogo**

Polo tanto, o Catálogo cumpre os obxectivos esperados ao tempo que mantén intactas as coberturas terapéuticas de todos os galegos, nun dobre exercicio de eficiencia: coidar as arcas públicas e garantir as prestacións sanitarias de todos os cidadáns.

No que atinxe á evolución na prescrición de medicamentos xenéricos, esta experimentou un incremento do 86% en apenas seis meses, pasando dun 14,5% no pasado mes de xuño de 2010 ao actual 27%- é dicir, cunha prescrición de xenéricos superior á media nacional-, cunha contribución moi significativa no último mes do Catálogo de medicamentos.

Cómpre lembrar que os medicamentos xenéricos son simplemente medicamentos sen marca, cuxa patente venceu, que laboratorios autorizados polo Ministerio fabrican e comercializan a prezo de custo de produción.

Conteñen o mesmo principio activo, a mesma dose e a mesma forma farmacéutica que o orixinal, e garanten a mesma calidade e eficacia que o medicamento de referencia.

En Europa, segundo os datos máis recentes –correspondentes a 2009- da Asociación de Produtores de Xenéricos, os países que máis utilizan os xenéricos son Suecia, Finlandia, Holanda e Reino Unido, que teñen consumos de entre o 44% e o 60% e que se atopan entre os de maior solvencia económica de Europa.

Pola contra, os países que teñen unha utilización menor son aqueles cunha maior inestabilidade financeira, como Grecia (2%), Italia (10%) e Portugal (16%), mentres que España se atopa nun 26%.

---

## CULTURA E TURISMO INFORMA SOBRE A MELLORA NA PRODUTIVIDADE DA INSPECCIÓN TURÍSTICA EN GALICIA DURANTE O EXERCICIO DE 2010

- ***O resultado revela unha preeminencia das actas de constancia fronte ás de infracción. En total, en toda Galicia levantáronse 4.579 actas de constancia e 321 de infracción. O maior volume de actividade centrouse nas provincias da Coruña e Pontevedra***
- ***Os datos reflicten unha mellora na produtividade da actividade inspectora xa que en 2010 se rexistraron un total de 2.747 informes fronte aos 2.676 de 2009. Así mesmo, o pasado ano levantáronse 4.579 actas de constancia, que superan as 4.473 de 2009. En Galicia levantáronse no pasado ano 321 actas de infracción fronte ás 370 de 2009***
- ***O informe presentado hoxe ao Consello da Xunta contén asemade os obxectivos do Plan Anual de Inspección de Turismo 2011 onde se indica os ámbitos nos que incidirá a acción inspectora, a tipoloxía de establecementos e actividades sobre as que actuar***

No pasado 2010 Galicia rexistrou un total de 4.579 actas de constancia fronte ás 321 actas adxectivadas como de infracción. Os datos despréndense do informe "Balance da actividade inspectora 2010 en materia de turismo", presentado hoxe ao Consello da Xunta pola Consellería de Cultura e Turismo. O documento contén o resultado das actuacións derivadas da acción inspectora, estritamente considerada, así como dos expedientes sancionadores.

No tocante aos informes, en 2010 rexistráronse en Galicia un total de 2.747 informes fronte aos 2.676 rexistrados o pasado 2009. Isto indica unha mellora da produtividade da actividade inspectora. No tocante ás actas de constancia, en 2009 levantáronse en toda Galicia un total de 4.579 actas de constancia fronte ás 4.473 que se levantaron en 2010. Pola contra, no pasado exercicio levantáronse na Comunidade un total de 321 actas de infracción fronte ás 370 de 2009, co que se rebaixou a actividade sancionadora.

Da preeminencia das actas de constancia sobre as de infracción dérvase unha prevalencia da función asesora e preventiva da inspección fronte á estritamente controladora ou disciplinaria. As actas de constancia obedecen á constatación dunha situación de feito relativa a establecementos ou actividades turísticas ou a un ánimo persuasivo e corrector no sentido de deixar constancia das irregularidades e anomalías detectadas, dando posibilidade á súa emenda, con sometemento ás previsións da normativa. Deste xeito, a previa redacción dunha acta de constancia non atopa reflexo nunha posterior acta de infracción, de modo que se depura o sector para prestar a imaxe máis achegada posible ao obxectivo da excelencia turística.

---

Ao analizar os datos de 2010, cómpre ter en conta que este foi o ano da implementación efectiva dos novos réximes procedementais de apertura e modificación dos establecementos turísticos, con base á aplicación do novo sistema da Directiva Europea en Materia de Servizos. Isto provocou tamén que o volume da actividade informadora sobre a disciplinaria fora maior que noutras ocasións. Tamén os informes de subvencións, dirixidos a garantir a axeitada utilización dos fondos públicos na promoción e fomento do sector turístico contribúen a incrementar estas cifras. Pola contra, os informes de denuncia teñen presenza cualitativamente inferior.

O maior volume de actividade rexistrouse nas provincias da Coruña e Pontevedra. No tocante ás denuncias recibidas, isto é, actividades de reclamación dos usuarios turísticos, garda unha proporcionalidade bastante axustada ao volume de negocio das provincias. Na Coruña rexistráronse 501 denuncias, en Lugo 133 denuncias, en Ourense 178 denuncias e en Pontevedra 484 denuncias. Obsérvase, en calquera caso, unha tendencia á diminución das denuncias recibidas, en gran medida froito do proceso de concienciación do sector, así como da operatividade das medidas de prevención, asesoramento e advertencia previas, levadas a cabo pola inspección turística.

#### **Actividade Inspectoral en cifras**

Se temos en conta as actas de constancia levantadas durante o 2010 por provincias, na Coruña levantáronse 1.132 actas de constancia, en Lugo 600, en Ourense 740 e en Pontevedra 2.107. En total, no ano 2010 en Galicia levantáronse en 4.579 actas de constancia. No tocante ás actas de infracción, en Galicia levantáronse no pasado ano un total de 321, das cales 158 foron na provincia da Coruña, 22 en Lugo, 41 en Ourense e 100 en Pontevedra. Se temos en conta os informes, na totalidade da comunidade fixéronse 2.747. Na Coruña fixéronse 1.385, en Lugo 379, en Ourense 398 e en Pontevedra 585. Os inspectores realizaron un total de 2.675 visitas na Coruña, 1.001 visitas na provincia de Lugo, 1.179 visitas en Ourense e 2.792 visitas en Pontevedra. En total, a cifra de visitas efectuadas en 2010 foi 7.647.

Se temos en conta os tipos de establecementos, o 62,68% das actas de constancia levantáronse en establecementos de restauración, o 15,29% en hoteis, albergues ou pensións e o resto en acampamentos, casas de turismo rural, apartamentos turísticos, intermediación e outros. No tocante ás actas de infracción, o 53,15% das actas levantáronse en establecementos de restauración, o 25,53% levantáronse en hoteis e pensións e albergues, e o resto en acampamentos, casas de turismo rural, apartamentos turísticos, intermediación e outros.

Os expedientes sancionadores por infraccións graves ou moi graves máis comúns que resolveu a Secretaría Xeral para o Turismo débéronse ao funcionamento do

---

establecemento sen contar con autorización turística ou título habilitante. Se ben cómpre destacar que existen diferentes niveis de intensidade na comisión da infracción, en 2010 non existiu ningunha tipoloxía infractora moi grave. Pola contra, foron abondosas as de negativa ou resistencia á entrega de follas de reclamación aos usuarios; deficiente prestación dos servizos causando grave prexuízo aos clientes; a alteración da estrutura e capacidade dos establecementos sen fiscalización administrativa.

### **Plan Anual de Inspección**

A Consellería de Cultura e Turismo presentou no seu informe os obxectivos do Plan Anual de Inspección de Turismo 2011. Neste plan determínanse os ámbitos espaciais e temporais nos cales incidirá a acción inspectora; as tipoloxías de establecementos e actividades sobre as que actuar; os protocolos de actuación en aplicación da directiva europea de prestación de servizos no mercado interior así como os obxectivos concretos da actividade inspectora: control da baixa efectiva dos establecementos turísticos e a incentivación e control da correcta política de información de niveis dotacionais e de prestación de servizos de cara aos usuarios turísticos, entre outros.

Todos estes puntos redundan na consecución do obxectivo final xenérico: o logro da excelencia turística na prestación dos servizos e o sometemento tanto para os seus prestadores como para aos destinatarios finais (usuarios turísticos) do cumprimento das previsións normativas e dos estándares de calidade.

---

## TRABALLO PRIORIZARÁ OS MOZOS E MOZAS E OS DESEMPREGADOS DE LONGA DURACIÓN NAS CONTRATACIÓNS DOS PLANS DE COOPERACIÓN

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta medida acadada en consenso cos axentes sociais no seo do diálogo social*
- *A iniciativa do Goberno galego está dirixida ás persoas en paro de longa duración e aos menores de 30 anos, en especial, aos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional*
- *As ordes dos plans de cooperación, destinadas aos concellos e aos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, tamén establece como colectivos prioritarios as mulleres, as persoas con discapacidade, persoas desempregadas maiores de 45 anos e os integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente os beneficiarios da RISGA*
- *Ata o de agora, as ordes dos programas de cooperación establecían a todos estes colectivos con especiais dificultades de inserción laboral como prioritarios, pero non determinaban unha orde de prioridades entre eles*
- *Aqueles demandantes que teñan un itinerario personalizado de inserción (IPI) en curso tamén terán preferencia*

Os mozos e mozas menores de 30 anos e os desempregados de longa duración terán prioridade á hora de acceder ás contratacións dos programas de cooperación da Xunta co obxecto de combater o paro entre estes colectivos. Así o acaba de establecer o Goberno galego nas ordes destes plans, en consenso cos axentes sociais no seo do diálogo social.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta medida coa que, ademais, darase preferencia a aqueles demandantes que teñan un itinerario personalizado de inserción (IPI) en curso.

Outros colectivos preferentes serán, ademais, as mulleres, as persoas con discapacidade, as persoas desempregadas maiores de 45 anos e os integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente os beneficiarios da renda de integración social de Galicia (RISGA), por esta orde, despois dos parados de longa duración e os mozos e mozas.

Con respecto ao colectivo da mocidade, terán especial consideración os menores de 30 anos que sexan demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional.



---

Ata o de agora, as ordes dos programas de cooperación establecían todos estes colectivos con especiais dificultades de inserción laboral como prioritarios, pero non determinaban unha orde de prioridades entre eles.

A selección das persoas que serán contratadas a través dos plans de cooperación- para a realización das obras ou servizos de interese xeral e social- corresponde ás entidades que resulten beneficiarias das axudas que establecen os programas de cooperación da Xunta. Unha vez que as resolucións dos plans estean listos, os interesados en acceder aos contratos terán que presentar a súa oferta de emprego na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo en que se vaia desenvolver a prestación dos servizos ou a execución das obras.

### **Máis de 6.000 beneficiarios**

Cos programas de cooperación, a Xunta de Galicia favorecerá este ano a contratación de máis de 6.000 persoas. En concreto, a Consellería de Traballo e Benestar destinará este ano preto de 75 millóns de euros a estes programas desenvolvidos por entidades locais, órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro. Con este orzamento, a Xunta incrementa a cantidade destinada a estas axudas en 8,4 millóns de euros con respecto a 2010.

Estes programas permitirán a contratación de traballadores e traballadoras desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, así como a contratación de axentes de emprego e/ou unidades de apoio. Co incremento orzamentario, a Xunta estima que os beneficiarios poidan ser arredor de 1.000 máis que no exercicio anterior.

O departamento autonómico prevé que as resolucións das ordes estean feitas entre os meses de abril e xuño.